

XXV CONCURSO DE DEBUXO E PINTURA

JESÚS BONIGNO

ORGANIZA: C.P.I. SAN SADURNIÑO

COLABORA: ASOCIACIÓN DE PAIS DE ALUMNOS (ANPA)

B A S E S

TEMA: Libre. Os traballos deberán ser inéditos e orixinais, podendo utilizarse calquera técnica (rotuladores, pinturas, ceras, etc.).

PARTICIPANTES: Todos os/as alumnos/as de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria.

ENTREGA DE TRABALLOS: A cada titor ata o **14 de maio**. Os traballos expoñeranse no Centro dende o día 15 ata o día 29 de maio.

NÚMERO DE TRABALLOS: Os traballos serán individuais e **realizados na clase** podendo presentar cada participante tantos como desexe (Os alumnos/as de Educación Infantil E 1º Ciclo de Ed. Primaria poderán presentalos en equipo). Na parte posterior de cada traballo, o concursante deberá poñer o seu nome e apelidos, idade e curso ao que pertence. Os traballos gañadores quedarán en propiedade das entidades organizadoras. Os restantes traballos poderanse retirar nun prazo de 10 días dende a data de resolución do concurso.

PREMIOS: Entregaranse premios a cada unha das categorías seguintes:

- A. EDUCACIÓN INFANTIL (Grupo clase)
- B. PRIMEIRO CICLO DE E. PRIMARIA(Grupo clase)
- C. SEGUNDO CICLO DE E. PRIMARIA
- D. TERCEIRO CICLO DE E. PRIMARIA
- E. PRIMEIRO CICLO DE E. SECUNDARIA
- F. SEGUNDO CICLO DE E. SECUNDARIA

Os premios consistirán en lotes de material de debuxo e pintura para os 1º e en diplomas para o 2º e 3º premio

XURADO: Estará constituído por profesorado, pais e alumnos. A decisión do xurado será inapelable, reservándose o dereito a declarar deserto o premio ou a descualificar calquera traballo que, ao seu xuízo, fose realizado por unha persoa diferente ao concursante, empregase a técnica de calco, fose presentado en anteriores edicións ou non reunise as condicións sinaladas nestas bases.

A participación no concurso leva consigo a aceptación destas bases.

San Sadurniño, 23 de abril de 2015